



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10 de setembro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10 de setembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03/09/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propostas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/3870

Dáse conta do escrito presentado, acompañado de numerosas sinaturas, solicitando a regulación dos horarios do servizo de transporte de autobús en Vilagarcía, así como o aumento de horarios en zonas do extrarradio polas tardes, e a indicación de zonas que necesitan establecer unha ruta de autobús diaria e continuada O Rial, Bamio, Cea e Castroagudín.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que xa se solicitou en reunións do Plan de Transporte da Xunta de Galicia unha reordenación do transporte urbano.

Así mesmo indícase que sae a concesión a renovación das concesións en 2018 e estase traballando na ampliación de liñas por parte da Xunta de Galicia.

Remitir o escrito presentado á Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda en Pontevedra para o seu coñecemento e efectos oportunos.

PRP2018/3942

Dáse conta da proposta presentada polo Grupo Municipal do BNG de creación da infraestrutura necesaria para a Escola Náutica Municipal e os Deportes Náuticos e dáse conta así mesmo do acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 4 de xullo de 2018 no que acorda o apoio e respaldo á proposta de inicio dos trámites para solicitar á Autoridade Portuaria a cesión gratuíta duns terreos na zona de Cavadelo, para a creación dunha infraestrutura para os Deportes Náuticos e as súas Escolas Municipais.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o acordo do Consello Reitor da FPSDM e remitir á Autoridade Portuaria o devandito acordo xunto co escrito presentado polo Grupo Municipal do



BNG, aos efectos de solicitar á Autoridade Portuaria a cesión gratuíta da antiga Nave de ALFOGAR e a súa parcela para o desenvolvemento do citado proxecto.

PRP2018/3943

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Francisco Barreiro Diz** solicitando a reordenación dos aparcamentos na Rúa da fonte, en Vilaxoán.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda a sinalización amarela nunha marxe da Rúa para garantir o paso dos vehículos e evitar as molestias sinaladas polo Sr. Barreiro Diz.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/3944

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Ana Belén Vázquez Dieste**, solicitando a adopción de medidas para evitar o estacionamento de vehículos diante da súa vivenda na Rúa Río do Con.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización con liña amarela fronte á entrada de cada vivenda, co fin de permitir o acceso ás mesmas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/3946

Dáse conta do escrito presentado por D. Angel Francisco Vilas Fernández, en representación de **club Xadrez Fontecarmoa**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa Castelao, nas inmediacións do Pavillón, os venres 7, 14 e 21 de setembro, para permitir practicar o deporte a todos os afeccionados e viandantes que o desexen, co fin de achegar o Xadrez á cidadanía.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3947

Dáse conta do escrito presentado por **Asociación Deportiva Cultural Encestarias**, solicitando autorización para levar a cabo un evento na Rúa Méndez Núñez o día 8 de setembro, en horarios de mañá e tarde, con motivo do torneo que organizan durante os días 7 e 8 de setembro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3948

Dáse conta do escrito presentado por Dona Isabel Fernández Moreiras, en representación de **Os Ingleses Rugby Club**, solicitando autorización para realizar una sesión de Rugby na Rúa, na Praza de Galicia, rúa Castelao e Rúa Alcalde Rey Daviña, o día 7 de setembro.

Visto o informe da Policía Local acordase concederle autorización na Rúa Alcalde Rey Daviña, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3949

Dáse conta do escrito presentado por **D. Mariano Dos Santos Dos Santos**, solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República, os días 7, 8 e 9 de setembro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3950



Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a Dolores Rodríguez López, en representación de **Asociación Galega de Apicultura**, solicitando autorización para utilizar a Praza da Peixaería, do 11 ao 15 de outubro, co fin de levar a cabo a “Feira do mel do Salnés”.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de 20 mesas.

PRP2018/3951

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co paso da Volta Ciclista a Galicia por Vilagarcía, o día 21 de setembro, comunicando o percorrido polo termino municipal.

Así mesmo indican as medidas a adoptar para o desenvolvemento da volta ciclista.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colaboración municipal necesaria para o desenvolvemento da etapa, sendo necesario:

- Sinalizar e retirar ou bloquear o estacionamento nas seguintes rúas: Avda. Rosalía de Vilanova, Avda. de Cambados, Pablo Picasso, Valle Inclán, Avda. da Mariña e Avda. Rosalía de Castro.

- Contar con persoal de Protección Civil, e Emerxencias, Deportes, Policía Local, etc para parar o tráfico en 62 cruces.

- Colocar en torno a 180 barreiras en cruces e zonas de estacionamento para peche do itinerario.

Dar conta aos Servizos de Protección Civil e Emerxencia, Deportes, Policía Local e Servizo Municipal de obras aos efectos oportunos.

PRP2018/3952

Vista a proposta do Servizo de Sinalización, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baygar SL** para o subministro de 30 balizas estándar H-75 verde para o citado Servizo, por un importe total de 653,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2018/3970

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e **AFASAL**, para a concesión dunha subvención, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 231.48002, co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións e atencións dirixidas a persoas con enfermidades neurodexenerativas, e especialmente coa enfermidade de Alzheimer e a súa contorna, durante o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2018/3971

Dáse conta da lista de admitidos e excluídos para o Programa de Conciliatardes-Tardes coa infancia, para o curso 2018/2019, acordada na Comisión de Baremación, conforme ao establecido nas Bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de 18 de xuño de 2018, establecéndose un prazo para a subsanación de documentación e reclamacións de 10 días hábiles a partir da publicación da lista provisional.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á mesma.

PRP2018/3994

Dáse conta do escrito da Consellería de Política Social informando que ao Concello de Vilagarcía de Arousa lle corresponde, a través do Plan de apoio á Dependencia da Xunta de Galicia, un incremento de horas anuais de 16.173, co correspondente financiamento segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento e a Orde de 31 de maio de 2016. Polo tanto as horas dispoñibles para SAF para persoas dependentes valoradas ascenderán a 55.581 horas anuais, o que supón un incremento do 43%.

Dáse conta do informe dos Servizos Sociais, no que se indica que tendo en conta o prezo hora actual o orzamento estimado do SAF (básico e persoas dependentes valoradas) para o ano 2018 ascendería a 839.941,66 €.

Visto o informe da Coordinadora do Servizos Sociais, a Xunta de goberno Local acorda:

- Aprobar o incremento de horas do Servizo co fin de garantir o acceso ao servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas e poder cumprir cos obxectivos dunha prestación esencial.
- Aprobar o incremento de gasto aproximado para o ano 2018, por un importe total de 38.015,25 €, con cargo á partida 231.22725, coa seguinte desagregación:
 - No mes de outubro, incremento de 6.335,80 €
 - No mes de novembro, incremento de 12.671,59 €
 - No mes de decembro, incremento de 19.007,86 €
- Comunicar o presente acordo á Empresa concesionaria do Servizo Ferrovia Servizos SA aos efectos oportunos.

Emprego

PRP2018/3974

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Gustavo Bernárdez Ferreirós**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os



requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/3975

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Olalla Rúa Gallego**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 864,26 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/3976

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Marcos Moral Campos**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.637,31 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/3977

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Ester Santos del Val**, en representación da Empresa **Frutería Carro CB** no que comunica a súa renuncia á subvención recibida dentro do Programa Municipal de axudas á Creación de Empresas 2018, que lle foi concedida na contía de 3.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia presentada e proceder á anulación da orde de pagamento emitida en cumprimento do acordo de Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2018, co reintegro da cantidade indicada de 3.000,00 € á partida orzamentaria 241.470.

PRP2018/3978

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e de conformidade co informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, no que se indica que por parte do beneficiario da subvención, **D. Oscar Casal Barcala**, se incumpre a obriga fundamental de realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, e no suposto de baixa con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ao Concello ata o último día do mes posterior a dita baixa.

A Xunta de Goberno Local acorda que polo Sr. Casal Barcala se realice o reintegro da cantidade percibida en concepto de axuda, en proporción ao tempo permanecido no exercicio



da actividade, que no presente caso ascende a 931,51 €, máis os xuros correspondentes, coa seguinte desagregación:

Data alta IAE	05/06/2017
Data baixa no IAE	30/06/2018
Tempo obrigatorio de permanencia na actividade. Base 3ª. Punto 3.2	2 anos (730 días)
Tempo de permanencia efectiva no exercicio da actividade	390 días
Cantidade percibida en concepto de axuda	2.000,00 €
Cantidade a reintegrar	931,51 € (mais xuros)
Xuros	35,31 €

Comunicáselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, indicando como concepto a referencia do presente expediente, con apercibimento de que de non facer o ingreso no citado prazo procederá o inicio de expediente de reintegro de subvención, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (Exp. 2017-0704-07)

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2018/3979

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por Dona Nair Rodríguez Outes, en representación de **Mas K Uñas, CB**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/3980

Dáse conta de Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de concesión de subvención, por importe global de 154.262,40 €, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, e os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego Labora Xove 2018 (Exp. 36/00023/2018), dirixido a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para 16 alumnos/as traballadores/as, cunha duración de 6 meses, para as seguintes especialidades:

- Socorrismo en espazos acuáticos (8 alumnos)
- Atención ao cliente, consumidor ou usuario (8 alumnos)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4064

Dáse conta de escrito do **Servizo de Emprego e Formación, da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar**, comunicando o informe favorable da Comisión Central de Valoración á aprobación do proxecto de Obradoiro de Emprego FORME18 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Concellería de Formación e Emprego comunica o seguinte:



- Especialidades e número de alumnos:

- Traballos de carpintería e moble (10 alumnos)
- Promoción Turística Local e información ao visitante (10 alumnos).

Acórdase a designación de Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e Dona Sonia Santos Castiñeira como representantes do Concello no Grupo de Traballo Mixto, Concello/Xunta que realizará a selección do persoal e alumnado do proxecto.

Acórdase así mesmo que o persoal que debe propoñerse é Director/a, Titor/a e expertos docentes para cada unha das especialidades citadas, con contratos a xornada completa durante a duración do proxecto de Obradoiro de Emprego FORME18 (9 meses).

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/3985

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baygar SL** para o subministro de 10 papeleiras para os patios dos centros escolares, por un importe total de 1.210,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3986

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cómputo de 16 horas da bolsa de horas de que dispón o Concello por parte da Empresa **Clece, S.A.** para un servizo de limpeza extraordinario da Escola de Educación Infantil Vagalume, tralas obras acometidas nos aseos da planta baixa do centro.

PRP2018/4139

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación co ingreso por parte da Empresa **Pablo Antelo SL** do importe de 500 € para o patrocinio do I Festival Internacional ClasClas 2018, no que indica que o citado ingreso se corresponde co convenio de colaboración asinado coa Empresa **Cespa SA do Grupo Ferrovial Servicios** para o patrocinio do citado festival, coa data de 15 de maio de 2018.

A Xunta de goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado ingreso. (Prox. 3: 1/24/2018).

Mercados

PRP2018/3987

Visto o escrito de **D. Cesar Roo Maneiro** solicitando autorización para adquirir en traspaso os postos nº 9-10 da zona lateral esquerda, Carnicería, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, do que é titular Dona Teresa Ríos Torres, e visto o informe do Xefe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito traspaso debendo ingresar na Tesourería Municipal a cantidade de 2.214,24 €, que é a cantidade consignada en concepto de transferencia para esta zona.

Comunicaselle que unha vez aboada a citada cantidade deberá solicitar o cambio de titularidade do posto, achegando á solicitud o xustificante do ingreso e debendo estar en posesión de toda a documentación necesaria para exercer a venda ambulante.



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/3984

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial relativa á desistencia de parte da subvención outorgada para o financiamento do gasto corrente novo: “Tecnoloxías emerxentes: Formación e Campamento Urbano – Tecnoverán 2018” ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, na que acorda:

- Aceptar a desistencia e modificar o acordo da Xunta de Goberno de 4 de maio de 2018 no sentido de que o importe da subvención concedida ao Concello de Vilagarcía de Arousa para o financiamento do gasto corrente novo: “Tecnoloxías emerxentes: Formación e Campamento Urbano – Tecnoverán 2018” ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cun orzamento de 4.500,00 €
- Incorporar o crédito dispoñible por mor da desistencia, 2.942,35 €, á cantidade que lle correspondeu ao Concello de Vilagarcía de Arousa no reparto inicial do Plan Concellos 2018-2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

PRP2018/4140

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Diego Basadre Barreiro** para a organización e realización do II Ciclo de Revolución Musical Achégate aos Locais que se realizará do 26 ao 30 de setembro, por un importe total de 9.680,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/3981

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2018”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Loenzo de Arriba**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 8.000,00 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Loenzo de Arriba, con cargo á partida 170.489.

PRP2018/3982

Dáse conta do requirimento complementario efectuado por **Augas de Galicia** en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico na Rúa Rodrigo de Mendoza (Clave DH.D36.62871), no que conceden un prazo de un mes para acreditar a implantación de medidas correctoras.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Augas de Galicia que se procedeu a efectuar a limpeza do dominio público hidráulico.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE



Muller e persoas maiores

PRP2018/3989

Vista a proposta da Área de Igualdade –CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización dun obradoiro de “Auxiliar de Carnicería e Peixería para mulleres especialmente vulnerables” de 120 horas, por un importe total de 6.303,90 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- **Kaeme Consultoría y Prevención, SL**, por importe de 5.995,00 € pola realización da acción formativa.
- **Allianz Seguros y Reaseguros SA (Willis Galicia Correduría de Seguros SA)** por importe de 308,90 € polo seguro das participantes no curso.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/3990

Dáse conta da sinatura do convenio regulador de concesión directa de subvención nominativa a favor da **Asociación Con Eles**, por un importe total de 40.000 € para a realización das obras de “execución das instalacións de protección contra incendios necesarias para a actualización á normativa de aplicación da edificación existente correspondente ao Centro docente ocupacional asistencial situado en Rúa Sobreira nº 24, con cargo á partida 231.78002 (Prox. 3: 1/1/2018)

PRP2018/3991

Dáse conta do procedemento de licitación tramitado mediante procedemento aberto para a adxudicación da execución do contrato de obra denominado “MELLORA DO CAMIÑO RURAL NA RÚA REAL EN CEA (DA RÚA ANTUÍN Á RÚA CARBALLOS), e das ofertas presentadas.

Realizados os cálculos aos efectos de comprobar se algunha das ofertas presentadas se encontra incurso en baixa anormal ou desproporcionada, ningunha delas está en esa situación.

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración das ofertas presentadas foi a seguinte:

CIF: B32404972 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.:

- Oferta económica-Prezo Valor introducido polo licitador: 34.798.99€ Puntuación: 73.07 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

CIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA):

- Oferta económica-Prezo Valor introducido polo licitador: 32.556.51€ Puntuación: 85.66 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

CIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.:

- Oferta económica-Prezo Valor introducido polo licitador: 31.447.23€ Puntuación: 91.88 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

CIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.:

- Oferta económica-Prezo Valor introducido polo licitador: 30.001.64€ Puntuación: 100.0 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

CIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.:



- Oferta económica-Prezo Valor introducido polo licitador: 32.948.59€ Puntuación: 83.46 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

CIF: B27802503 NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.:

- Oferta económica-Prezo Valor introducido polol licitador: 31.294.22€ Puntuación: 92.74 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

CIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:

- Oferta económica-Prezo Valor introducido polo licitador: 31.865.42€ Puntuación: 89.54 Motivo: Aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación.

Polo que a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación, á que fai referencia o artigo 150 da LCSP é a seguinte:

LICITADOR	Oferta excluído	IVE	Puntos
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	30.001,64 €		100,00
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	31.294,22 €		92,74
Galsur Proyectos y Obras, S.L.U.	31.447,23 €		91,88
Obras y saneamientos galicia	31.865,42 €		89,54
Construccions, Obras e Viais, S.A.	32.556,51 €		85,66
Nemesio Ordóñez, S.A.	32.948,59 €		83,46
Asfagal Técnicas Viarias	34.798,99 €		73,07

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato de referencia á mercantil **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.**, de conformidade coa oferta presentada, ao ser o licitador que presenta a mellor oferta calidade prezo.

PRP2018/3992

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra sobre os prazos de xustificación do Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2016, en relación cos investimentos pendentes de xustificar: Construción de Escola Infantil en Vilaxoán e Urbanización do Entorno Rúa García Caamaño, que deberán estar xustificadas a 31 de decembro de 2018.

Informan así mesmo de que o Concello dispón dun sobranse de 136.574,72 € das baixas xeradas en diversos investimentos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3993

Dáse conta da Resolución de 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na que se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (DOG 17 de agosto de 2018).

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a participación neste programa para a **Área de Rehabilitación Integral de Carril**, e o compromiso do Concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo do correspondente acordo específico.

PRP2018/4065



Dáse conta da Resolución de 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na que se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (DOG 17 de agosto de 2018).

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a participación neste programa para a **Área de Rehabilitación Integral de Vilaxoán**, e o compromiso do Concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo do correspondente acordo específico.

PRP2018/4066

Dáse conta da Resolución de 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na que se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (DOG 17 de agosto de 2018).

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a participación neste programa para a **Área de Rehabilitación Integral do Casco Vello**, e o compromiso do Concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo do correspondente acordo específico.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/4054

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor de **Ruta do Viño Rías Baixas**, polo importe de 600,00 €, da factura A 94 (Rex. 18/101), correspondente a cota anual en base ao convenio de colaboración empresarial, con cargo á partida orzamentaria 432.489.

PRP2018/4055

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor de **Asesora Asistencia Pericial SL**, polo importe de 21.538,00 €, da factura 18 041 (Rex. 18/5298), correspondente a Servizo CT-12/2018-e “Valoración de inmobles dos que é propietario ou titular dun dereito o Concello de Vilagarcía de Arousa”, con cargo á partida orzamentaria 920.22706.

PRP2018/4056

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor de **Kaeme Consultoría y Prevención SL**, polo importe de 1.675,00 €, da factura KM-180318 (Rex. 18/6369), correspondente a Cursos Aula Cemit – xullo 2018, con cargo á partida orzamentaria 241.22799.

PRP2018/4057

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xuño de 2018 de aprobación orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** para un servizo de autobús para traslado dos/as nenos/as da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados, figurando no mesmo:

... por un importe total de 683,64 € (IVE incluído)....

E debendo figurar:

... por un importe total de 752,00 € (IVE incluído)....

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.



Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Empresa Pereira SL**, polo importe de 752,00 €, da factura 18-806104 (Rex. 18/5418), correspondente ao citado servizo de autobús, con cargo á partida orzamentaria 323.223.

PRP2018/4058

Visto o informe da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de **Helvetia Compañía Suiza SA de Seguros y Reaseguros**, polo importe de 44,58, da factura 6807104441 (Rex. 18/6463), correspondente a cobertura dos/as participantes da exhibición levada a cabo o día 16 de agosto dos/as alumnos/as do Curso de Europercusión, con cargo á partida orzamentaria 2314.224 e o reintegro do importe sobrante, na cantidade de 45,70 €, á citada partida orzamentaria.

PRP2018/4059

Visto o informe da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de **Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros SA**, polo importe de 278,49 €, da factura AZJD-478 (Rex. 18/6465), correspondente a cobertura dos/as participantes do Curso de Caixeira-Repoñedora, con cargo á partida orzamentaria 2312.224 e o reintegro do importe sobrante, na cantidade de 0,10 €, á citada partida orzamentaria.

PRP2018/4060

Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación ás variacións introducidas no importe certificado da obra de Recuperación dos lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña, por importe de 2.263,54 €, non superando o 10% do prezo primitivo do contrato, que foi adjudicado por importe de 23.249,99 € (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da Certificación nº Un - Final da obra Recuperación dos lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña, subscrita polo Arquitecto Municipal e executada pola empresa **Zona de Obra O Rosal SL**, cunha contía de 25.513,53 €, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 336.63200.

PRP2018/4061

Vista o informe do Director da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente á emisión dun programa especial de promoción turística de Vilagarcía na rede de emisoras de Onda Cero, dentro da serie "20 destinos" da Provincia de Pontevedra e o recoñecemento de obrigación a favor de **Uniprex SAU**, polo importe de 217,80 €, da factura 2181036577 (Rex. 17;8/5100), correspondente á citada emisión, con cargo á partida orzamentaria 432.22602.

PRP2018/4063

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Maderas Acuña SL**, polo importe de 288,15 €, da factura 95979 (Rex. 18/5527), correspondente a subministro de tarimas e madeira de pino, con cargo á partida orzamentaria 334.212,, descontando o abono nº RECT-CDT 95980 (Rex. 2018/64), por importe de 106,18 € correspondentes a subministro de tarimas de pino.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:45 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.